

SANTIAGO, 8-VI-1953.

Sr. D. Luis Seoane.

BUENOS AIRES.

Querido Luis: Por fin vai chegar o día en que poda darte unha ~~xe~~ aperta. Xa era tempo. Acetei a xenerosa invitazón do Centro Gallego e alá para o dazanove do mes de Santiago coido estar ahí.

¡Canto temos de falare e cantas cousas fondas, tristes ou ledas, imos revivire!

O teu Fardel é unha pura gota diamantina de arte enteiro. Hai n-ela forza, lirismo i-esperencia humán tremecente.

Deica logo. De todos os meus amigos tiña que sere a tí a quen eu escribira primeiro. É o agarimo e a lembranza prodixiosa da mocé-dá nosa que se quedou po-los recantos das rúas composteláns.

Unha aperta forte de,

Domingo
Saúdo s o Cuadrado.